


MISA CON NENOS

20 de OUTUBRO de 2019 - T. ORDINARIO - 29º - C

Lucas 18, 1-8: *“Deus fará xustiza aos seus elixidos que claman ante El”.*



**Pídelle con insistencia a Papá,
somos os seus nenos mimados.**



1. ACOLLIDA

-Irmáns e irmás: Vivimos nun mundo no que necesitamos comunicar aos demais cada acontecemento da nosa vida, para facelos partícipes das nosas vivencias e sentimentos. Os que somos crentes queremos comunicarnos con Deus cada día, escoitar a súa palabra, lóalo, darlle grazas, pedirlle o que necesitamos. As lecturas deste domingo fálannos da necesidade da oración confiada, constante, comprometida na vida. Santa Tareixa de Xesús, a quen recordabamos a semana pasada, dicía que a “oración non é outra cousa senón tratar de amizade con quen sabemos que nos ama”. Pidámoslle hoxe a Xesús que nos axude a facernos máis amigos seus orando máis e mellor, crecendo na oración en calidade e cantidade

(Poden saír nenos con carteis que poñan “grazas”, “perdón”, “Ave María”, “Noso Pai”, “Axúdame”...).

(Saúdo do sacerdote:) A paz de Deus, que é Pai que nos creou e nos coida, estea convosco.

2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

(Sacerdote:) Xesús sabe que necesitamos o seu perdón e está disposto a dárnolo, pero quere que con humildade llo pidamos. Por iso pedímoslle perdón.

(Pai-Nai) -Ti, que estás pendente das nosas necesidades. **Señor, ten piedade de nós.**

(Catequista) -Ti, que fas que na vida nos sintamos acompañados e queridos por ti. **Cristo, ten piedade de nós.**

(Neno-Nena) -Ti, que podes perdoar os nosos pecados e nos gardas de todo mal. **Señor, ten piedade de nós.**

3. PALABRA DE DEUS

MONICIÓN ÁS LECTURAS

Xesús orou a miúdo e ensinounos a orar. Neste testo de san Lucas o Señor invítanos a ser perseverantes, constantes na oración, convencidos de que Deus nos oe e atende bondadoso as nosas peticións.

Moisés cos brazos no alto oraba a Deus polo seu pobo e era escoitado. Que a nosa oración hoxe se centre máis nas necesidades da humanidade que no que necesitamos nós mesmos.

EXODO 17, 8-13: *Mentres Moisés tiña en alto as mans, vencía Israel.*

Naqueles días, Amalec veu e atacou a Israel en Refidín. Moisés díxolle a Xosué: - *«Escolle uns cantos homes, fai unha saída e ataca a Amalec. Mañá eu estarei en pé na cima do monte, co bastón de Deus na man».*

Fixo Xosué o que lle dicía Moisés, e atacou a Amalec; namentres, Moisés, Aarón e Jur subían á cima do monte. **Mentres Moisés tiña no alto as mans, vencía Israel;** mentres as tiña baixadas, vencía Amalec. E, como lle pesaban os brazos, os seus compañeiros tomaron unha pedra e puxéronlla debaixo, para que se sentase; mentres, Aarón e Jur sostíñanlle os brazos, un a cada lado.

Así resistiron no alto os seus brazos ata a posta do sol. Xosué derrotou a Amalec e ao seu pobo, a fío de espada.

Palabra do Señor.

Sal 120: R/. O noso auxilio é o nome do Señor, que fixo o ceo e a terra.

2º TIMOTEO 3, 14-4, 2: *O home de Deus sexa perfecto e estea preparado para toda obra boa.*

Lc 18, 1-8: Deus fará xustiza aos seus elixidos que claman ante El.

Narrador: Naquel tempo, Xesús dicíalles aos seus discípulos unha parábola para ensinarlles que é necesario orar sempre, sen desfalecer.

Xesús: -«Había un xuíz nunha cidade que nin temía a Deus nin lle importaban os homes. Naquela cidade había unha viúva que adoitaba ir dicirlle:

Viúva: -*Faime xustiza fronte ao meu adversario!*

Narrador: *Por algún tempo estívose negando, pero despois díxose a si mesmo:*

Xuíz: - *Aínda que nin temo a Deus nin me importan os homes, como esta viúva estame amolando, voulle facer xustiza, non sexa que siga vindo a cada momento a importunarme?».*

Narrador: E o Señor engadiu:

Xesús: -«*Fixádevos no que di o xuíz inxusto; pois Deus, non fará xustiza aos seus elixidos que claman ante el día e noite?; ou lles dará longas? Dígovos que lles fará xustiza sen tardar. Pero, cando veña o Fillo do home, atopará esta fe na terra?».*

Palabra do Señor.

(Narrador – Xesús – Viúva - Xuíz).

4.-ORACIÓN DA COMUNIDADE

(Sacerdote) Xesús, cando necesitaba atoparse co Pai, retirábase á oración; tamén nós, que necesitamos de Deus, presentámoslle as nosas preocupacións, dicindo:

-Señor, ensínanos a orar.

1.- Para que os que formamos a Igrexa recuperemos a necesidade da oración e atopemos nela a fortaleza da nosa fe. **Oremos.**

2.- Para que a nosa comunidade parroquial ore con insistencia, confiando que Deus sempre nos escoita e concédenos o que máis nos convén. **Oremos.**

3.- Para que cada domingo acudamos a celebrar a Eucaristía en familia e participemos con toda atención. **Oremos.**

4.- Para que nos convenzamos de que non basta con rezar cando algo podemos realizar nós para construír un mundo mellor. **Oremos.**

5.- Para que a nosa oración sexa humilde, confiada, sen cansarnos e aceptando a vontade de Deus. **Oremos.**

6.- Por todos os nenos de catequese, catequistas e pais de familia, para que todos tomemos en serio a nosa responsabilidade de ser educadores e testemuñas da fe. **Oremos.**

7.- Polos misioneiros para que Deus éncalles de forza e por todos nós para que vivamos como bautizados, anunciando a alegría do evanxeo. **Oremos.**

(Sacerdote) Escoita Señor nosas súplicas, xunto con nosa loanza e a nosa acción de grazas. Por XCNS.

5.- PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

LAMPADIÑAS *(un grupo de nenos que se achegan ao altar con lámpadas apagadas que irán acendendo os catequistas):*

Presentamos estas lámpadas acesas que queremos que simbolicen a nosa confianza en Deus e a nosa constancia na oración.

UNS PAIS CUN LIBRO DE ORACIÓNS OU COAS RESPOSTAS DA MISA:

Os pais queremos comprometermos a rezar todos os días algunha oración cos nosos fillos e a vir con eles cada domingo á oración das oracións, a eucaristía.

UN MAPAMUNDI COAS PALABRAS DEUS E AMOR EN VARIOS IDIOMAS:

Queremos ser misioneiros levando Deus e anunciar o seu amor a todos os que nos atopemos no mundo.

PAN E DO VIÑO: Co pan e co viño damos grazas a Deus por todo o que nos dá. Á vez queremos manifestar, ante o altar, a nosa gratitude porque o Señor sempre nos responde coa súa xenerosidade.

6.- SUXESTIÓNS:

- Ten momentos para rezar todos os días, e coa familia. O máis importante é que toda a nosa vida sexa unha oración de comunicación con Deus.
- Neste mes misionero extraordinario recorda que estás bautizado (vive como bautizado) e que El che enviou a ser o seu mensaxeiro (fala de Xesús aos teus amigos).
- Rezade esta semana todos os días polos misioneros e aprendede a ser solidarios coa obra das misións aforrando algo este mes e compartíndoos xuntos na hucha do Domund.
- Vede en *youtube* o vídeo do Domund 2019 "Inmunes". Dialogade.
- Escribídlle unha carta a un misionero, se é posible que sexa da vosa diocese e contádelle o que facedes polos nenos misioneros.
- Buscade en *youtube* "A revolución de Jeferson" e traballádeo co catequista.
- Cadea de bondades, vídeo: https://www.youtube.com/watch?v=AbE_81lpLoU
- Aprendede un canto misionero e cantádeo xuntos:
- *"Somos misioneros": [https://www.bing.com/videos/search?q=somos misioneros letra&&view=detail&mid=CBD95BC8425D5809511DCBD95BC8425D5809511D&&FORM=VRDGAR](https://www.bing.com/videos/search?q=somos+misioneros+letra&&view=detail&mid=CBD95BC8425D5809511DCBD95BC8425D5809511D&&FORM=VRDGAR)
- *"Himno do DOMUND 2019: <https://www.youtube.com/watch?v=LBg24Hce48Y>

Oración do Mes Misionero Extraordinario

Noso Pai, o teu Fillo Unixénito Xesucristo resucitado de entre os mortos encomendou aos seus discípulos o mandato de "ide e facede discípulos a todas as xentes".

Ti recórdanos que a través do noso bautismo somos partícipes da misión da Igrexa.

Polos dons do teu Santo Espírito, concédenos a graza de ser testemuñas do Evanxeo, valentes e tenaces, para que a misión encomendada á Igrexa, que aínda está lonxe de ser completada, poida atopar manifestacións novas e eficaces que traian vida e luz ao mundo.

Axúdanos a facer que todos os pobos poidan experimentar o amor salvífico e a misericordia de Xesucristo, El que é Deus e vive e reina contigo, na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente. Amén.



En el templo apaga el móvil, guarda silencio, concéntrate, sé reverente porque ésta es la casa de Dios.

Antes de la celebración: *habla a Dios.*
Durante la celebración: *deja que Dios te hable a ti.*

Después de la celebración: *habla con los hermanos.*

Quien quiera que seas, Dios te acoge. Acógele también tú.

POSIBLE ORACIÓN DE GRAZAS

Oración do Mes Misioneiro Extraordinario

Noso Pai, o teu Fillo Unixénito Xesucristo resucitado de entre os mortos encomendou aos seus discípulos o mandato de "ide e facede discípulos a todas as xentes".

Ti recórdasnos que a través do noso bautismo somos partícipes da misión da Igrexa.

Polos dons do teu Santo Espírito, concédenos a graza de ser testemuñas do Evanxeo, valentes e tenaces, para que a misión encomendada á Igrexa, que aínda está lonxe de ser completada, poida atopar manifestacións novas e eficaces que traian vida e luz ao mundo.

Axúdanos a facer que todos os pobos poidan experimentar o amor salvífico e a misericordia de Xesucristo, El que é Deus e vive e reina contigo, na unidade do Espírito Santo, por sempre eternamente.

Amén.

FELIZ DOMINGO, DÍA DEL SEÑOR.

RED CATEQUISTAS GALICIA